

sección de **concursos** habilitarase un formulario onde se introducirán os datos persoais do participante, e solicitarase o texto a presentar, que debe conter no encabezado un título. Poderase colgar, se o autor o deséxa, unha fotografía relacionada coa temática (sempre que non supere o tamaño máximo de 400 pixels no seu lado máis longo, e un peso non maior de 250kb). Na web danse instrucións de como realizar a subida dos traballos. Se o autor o prefíre pode remitir o seu traballo (en formato electrónico, segundo as especificacións descritas e cos datos persoais incluíndo o colexio, curso e un teléfono de contacto) á dirección: info@bueuinforma.org, e o seu traballo será colgado na web. Só se valorarán aqueles traballos que cumpran coas bases do presente concurso.

PRAZO. Aceptarase traballos ata o 4 de novembro de 2011. Infantil e primaria poderá entregar os traballos ata o 12 de decembro de 2011.

PREMIOS. Establécense os seguintes premios:

Entregarase un premio ao mellor traballo de cada categoría. As categorías de primaria e primer ciclo de primaria recibirán un premio colectivo.

O Xurado poderá conceder accésits ou mención individuais e/ou colectivas.

XURADO. Establécese un único Xurado para a concesión dos premios. As súas decisións serán inapelables e estará composto polas seguintes persoas:

Profesores representantes de cada un dos colexios
Representantes da Confraría de pescadores San Martiño de Bueu
Invitarase a técnicos da Consellería do Mar
Invitarase a técnicos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Os traballos serán postos na páxina web do proxecto e valorados mediante o uso de Internet. Cada membro do xurado valorará do 1 (mínimo) ao 10 (máximo) cada traballo. Os gañadores serán os que obteñan a maior puntuación media. En caso de empate o xurado decidirá en segunda votación o traballo gañador.

Na valoración teranse en conta aspectos como: orixinalidade, estrutura, presentación e relación coa temática proposta.

FALLO E ENTREGA DE PREMIOS. O fallo do xurado farase público durante o mes de novembro e decembro no caso de traballos de primaria e infantil. Os premiados e a data de entrega de premios será comunicada na páxina web www.bueuinforma.org.

FINAL. A participación neste concurso implica a aceptación de todos os puntos contidos nas BASES da convocatoria. Os traballos presentados seguirán sendo propiedade dos seus autores. Unha copia dos mesmos entregarase á Consellería do Mar. Unha copia dixital será posta na páxina web do proxecto, nun primeiro momento co pseudónimo do autor, para posteriormente poñer os seus datos se así o desexa.

Calquera incidente coa convocatoria será resolto polos profesores pertencentes ao xurado, e os representantes da Confraría de Pescadores de Bueu.